

SAL . 005128 30.05.16 13:46

No curso 2015-16 implantáronse na USC 8 dobres titulacións de grao, de conformidade co previsto no *Regulamento sobre dobres titulacións e simultaneidade de ensinanzas oficiais na USC*, aprobado mediante acordo do Consello de Goberno do 27 de marzo de 2015. Esta oferta estaba dirixida exclusivamente a alumnos que iniciaban os seus estudos, polo que o proceso de admisión foi idéntico ao dos alumnos que acceden ás titulacións de grao individuais.

A USC aprobou no Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016 a oferta de prazas de inicio nas dobres titulacións de grao para o curso 2016-17. Tendo en conta que a implantación destas titulacións realízase gradualmente, curso a curso, e que no curso 2016-17 xa se ofertará o 2º curso das dobres titulacións, é previsible que algún estudante que teña comezado un dos graos individuais que compoñen unha dobre titulación desexe acceder a esta.

Por parte da Vicerreitoría de Oferta Docente e Innovación Educativa consultouse cos centros responsables das dobres titulacións sobre a posibilidade de regular a oferta de continuación de estudos nas dobres titulacións, así como o número posible de prazas a ofertar.

Tendo en consideración todo o anterior, esta Reitoría resolve,

1. Autorizar para o curso 2016-17 a oferta de continuación de estudos nas dobres titulacións que iniciaron a súa implantación no curso 2015-16 aos estudantes que xa teñan iniciado os seus estudos nalgún dos graos que compoñen cada dobre titulación. O alumnado que acceda só poderá matricularse nas materias que se ofertan neste segundo curso de implantación.
2. Para ser admitido na dobre titulación é requisito indispensable ter unha nota de acceso á universidade superior á do último alumno que accedeu a ela no curso 2015-16.
3. O número de prazas ofertado nesta modalidade de continuación nas dobres titulacións é de 2 prazas (1 para cada unha das titulacións de grao que a compoñen). O criterio de selección, no caso de concorrencia, será o da nota nas probas de acceso á universidade.

O Reitor dará conta ao Consello de Goberno desta Resolución, que terá efectos desde a súa publicación no Taboleiro Electrónico da USC.

En Santiago de Compostela, o 26 de maio de 2016

O Reitor



Juan Viaño Rey



Sr. Vicerreitor de Oferta Docente e Innovación Educativa; Sra. Secretaria Xeral; Sr. Secretario Xeral Adxunto; Sras./Sres. Decanos de centros que organizan dobres titulacións de grao; Sra. Xefa do Servizo de Xestión da Oferta e Programación Académica; Sr. Xefe do Servizo de Xestión Académica; Sr. Director da Área TIC